

A. Prólogo

1.- Que vos motivou a formar o grupo?; houbo algún catalizador?

O motivo foi escoitar Le vent nous portera (et je voudrais que tu te rappelles, notre amour est éternel et pas artificiel)

2.- Cal era formación nos comezos?

. Nos comezos eramos os que aparecemos en A.E. de ronsel pan [na aelg] de ronsel pan, en vigo. Era un concerto dentro dun premio. E gañamos. E por certo, foi o primeiro concerto “formal” que dimos A.E.

3.- Houbo algún momento no que dixerades “até aquí” ou que vos fixera dubidar?

Cando marchamos a Barcelona, que deixamos a miguel e alexandre sós en Compostela.

4.- Que música escoitabades nesa época?

Nos comezos escoitabamos música indie da rock de lux que compraba estela e que todos liamos. E claro, como viñan con cds estabamos ao tanto de todas as novidades. Bon, dicir que samuel téñ unha boa colección de cds na súa habita de Tui.

5.- En que espazos (cotiás) vos moviades?

Os espazos de Santiago de Compostela, basicamente. Todos na USC.

6.- As vosas influencias extra-musicais?

Xa sabedes o cinema e a serie b. Samuel, dici-lo, fixo un doctorado sobre godard.

7.- Como se crea un universo propio e cal sería o seu campo semántico?

O universo está aí. Só hai que coller o que unha quere. Palabras totem: independencia, amor, diversión.

8.- Que pensades da música pop e da cultura popular?

A música pop en México son os narcocorridos, por exemplo. Aquí pois... tamén hai unha escena indie galega. Poderíamos facer unha rock de lux na Galiza e, ollo, que veña con cds ou “pens” ou algo. A cultura popular lémbreme á corrente cultural Studys da que Miguel sabe moito.

9.- Nesa época nos comezos soñabades con trunfar?

Nin soñabamos nin triunfamos, non saímos nos 40 principais

B. Preguntas sobre as letras das cancións do concerto publicado en Palabra Audiovisual e gravado por Ronsel Pan

1.- Que relación tiñades coa serie B?

A idea de facer cousas con poucos medios e con ideas alouçadas.

2.- Cal era a vosa forma de ser?

Eramos e somos bastante punks. Lembro cando Samuel puxo un colar enorme de pinchos para o “vernissage” dunha editorial en Compostela. E pasamos moito, frío. Somos moi frioleiros. Samuel durmía con bufanda....

3.- Por que non hai que ter medo?

Porque se téis medo non podes cociñar agusto; e hai que comer.

4.- Que papel credes que xogaron Os Resentidos na música galega?

Pois como dicíamos “ que antón reixa nos baixe a hostias” [do escenario]. Fixemos unha foto con el hai pouco. Foi bonito vernos.

5.- Tivestes moitas musas?

A única musa que tivemos é a que temos aínda.

6.- Que pensades do irracionalismo e do surrealismo?

O irracionalismo é unha labazada a rené [descartes]. Cremos máis no post-surrealismo da escola de california

7.- Tiñades como obxectivo transcender?

Non hai transcendencia posíbel. Ninguén sabe para quen traballa.

8.- Por que chorabades?

Choramos por todo. Somos uns chorimicas. As mulleres non podedes chorar, nós si.

9.- Arrincastes moitos sosténs?

Mellor sen sostén. Non hai por que ter ataduras.

10.- Que marabillas contemplabades como o caracol?

Pois todo México é maravilloso. Incluso o bar cutre onde comimos carne de iguana

11.- Pensades que o que non soe baixa?

Pódese subir e abandoar a atmósfera como un satélite de comunicación, que nos permiten estar conectados a internet. Morte a internet!

12.- Que tiña en realidade que facer o famoso caracol?

O caracol leva a casa a costas e como herba por aí. Non se téñ que preocupar moito. Agás de seguir o seu camiño.

13.- Quixerades ter pel de ourizo?

O tacto é un sentido fundamental. Ourizarse a pel cunha caricia é o mellor que hai.

14.- Influíu na vosa música o *blues* dos escravos?

Esa música é xenial para un día melancólico de choiva, para escoitar ata que escampe.

15.- Cal foi o voso bico con máis ardor (de pedra)?

O que che vamos dar ao acabar a entrevista.

16.- As cidades, as viaxes. Cales formaron o voso universo nos comezos?

[NADA

17.- Os erros, pensades que xogan un papel importante na creación?

Errar,errar.... preferimos rodar e rodar. Porque sigo sendo o rei.

18.- Tivestes algún incidente con algún porteiro?

Non. Os porteiros foron sempre moi educados connosco.

19.- Cal foi o voso disfrace de carnaval favorito?

O de bruxa, sen dúbidas.

20.- Influíuvos o Xabarín?, considerádesvos da Xeración Xabarín?

Pasabamos as tardes despois do cole vendo Xabarín

21.- Cal é a transcendencia das bragas?

As bragas do patio de luces da nosa compañeira de piso.

22.- A derrota: inevitábel ou inhabitábel?

A derrota é o comezo dunha época mellor.
Evitámola pero sempre é inevitábel.

23.- Por que non haberá verán?

Os verán están sobrevalorados. Hai que traballar
no verán.

24.- Cando hai que saudar a traxedia?

Cando xa este instalada en nós. O tema é como
supera-la. Supoño que cunha boa lección e ganas
de saír adiante. Avante!

25.- É necesario bailar como se non houbese fin?

Bailar é facer a revolución.

**Esta é unha entrevista ficticia a ataque
escampe**

feita por estela pan vázquez

nº 1073 do Colexio de Xornalistas de Galicia.